

## CLIA MOECHE

### TEXTO DE PECHE NO PARLAMENTO DE GALICIA

Bo día a todas as persoas presentes. En nome do CLIA de Moeche, e do noso concello, quixera comezar agradecendo a posibilidade de estar hoxe aquí, no Parlamento Galego, na nosa casa.

Todos os temas que tratamos hoxe, e que vimos escoitando, son fundamentais para que poidamos ter unha boa infancia e unha boa vida. Desde a explotación infantil, á saúde mental que tan pouco coidamos, así como ás zonas rurais que acabaremos perdendo se non contribuímos ao seu desenvolvemento, pasando polo respecto aos dereitos humanos básicos, entre eles a educación e a sanidade.

Pensamos que é necesario saír da burbulla na que vivimos, pois non hai suficiente empatía. Cada vez os ricos son máis ricos, e os pobres teñen menos. E somos conscientes de que é fundamental non poñerse limitacións persoais, pero a realidade é que non sempre todas e todos temos as mesmas oportunidades. Hai persoas que non lles pasa nada do que falamos, poden ir á escola, teñen recursos e oportunidades, unha familia que lles quere e protexe... , e pode que pensen que isto é unha parvada. Pero cremos que hai que atopar solución a todos estes problemas e facer todo o posible para mellorar as condicións de vida das persoas que precisan da nosa axuda, especialmente da infancia e da adolescencia.

Por iso, as nenas e nenos debemos ser escoitados polas persoas adultas, e particularmente por quen nos goberna. En xeral, as persoas adultas pensan que teñen razón, que fan todo ben, e isto non é sempre así. Tamén é certo que nós non sempre temos a razón. Por iso, deberíamos poder falar e escoitarnos, para aprender conxuntamente. Ás persoas adultas que estades neste parlamento pedímosvos que reflexionedes e busquedes solucións a todos os problemas que se foron expoñendo noutras intervencións, para que o mundo que vivimos sexa mellor para todos e todas.

Hoxe vemos, neste Parlamento, que aínda queda moito camiño por facer, moito traballo para conseguir os resultados desexados. Pola nosa banda, comprometémonos, non só hoxe, senón co noso traballo nos Consellos Locais de Infancia e Adolescencia, a aportar o noso gran de area.

Esta oportunidade que nos dades de falar no Parlamento sérvenos non só a nós como experiencia, senón tamén a vosoutros e vosoutras para aprender que as nenas e os nenos podemos aportar grandes ideas.

Para rematar, pedimos, por favor, que se fale máis e se faga máis polo noso rural, queremos seguir vivindo nas nosas aldeas e ter acceso a recursos e servizos básicos. E que siga habendo convites coma este, para vir expresar as nosas opinións ao Parlamento. Moitas grazas.